



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

EDICTO E ANUNCIO DE COBRANZA

Con data 22/05/2024, o alcalde D. Eduardo José Parga Veiga ditou a resolución núm. 251/2024 que se reproduce a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PADRÓN DAS TAXAS POLOS SERVICIOS DE RECOLLIDA DE LIXO, SUMIDOIROS, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, ABASTECIMENTO DE AUGA E DO CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2024.

EXPEDIENTE: 2024/X999/000146

FEITOS

Examinado o padrón das taxas polos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo, sumidoiros, depuración de augas residuais e do canon da auga creado e regulado na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, correspondente o período impositivo do 1º TRIMESTRE DE 2024.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Artigos 62.3 e 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- Artigo 68 do R.D. 939/2005, do 29 de xullo, regulamento xeral de recadación.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.
- Ordenanza fiscal nº 7 da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.
- Ordenanza fiscal nº 19 da taxa pola recollida de lixo e residuos sólidos urbanos.
- Ordenanza fiscal nº 23 da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, incluídas a concesión de licenzas de acometida á rede, a colocación e a utilización de contadores e instalacións análogas.
- Ordenanza fiscal nº 29 da taxa pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais.

Logo de ver o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 24 do R.D.L. 781/1996, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

1 Aprobalo padrón das taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo, sumidoiros, depuración de augas residuais e do canon da auga creado e regulado na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, correspondente o período impositivo do 1º TRIMESTRE DE 2024.

2. Expoñer ó público tódolos datos incorporados ó padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3 Aprobar o prazo de cobramento en período voluntario que abranguerá dende o día 17 de xuño de 2024 ata o día 19 de agosto de 2024. O interesado coa carta de pagamento no seu poder, ben recibido por correo ou entregado no Concello no seu defecto, terá a opción de abonar estas débedas en calquera sucursal de ABANCA ou a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Malpica de Bergantiños. Transcorrido este prazo a débeda resultante derivada das taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo, depuración de augas residuais e sumidoiros será esixida pola vía de constrinximento, co recargo, xuros de demora e costas de exacción que procedan.

A falta de pagamento do canon da auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

En Malpica de Bergantiños, 22/05/2024

O alcalde
Eduardo José Parga Veiga

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).